

MEMORIA DE PROXECTO



**TÍTULO DO
PROXECTO:**

***O meu
libro 2023***

OBXECTIVOS E INTENCIONALIDADE

Baixo o nome de ***O Meu Libro 2023*** deseñamos un ambicioso programa cultural que continuará buscando novos públicos para a literatura galega con formatos innovadores que cheguen a capas distintas da poboación. Pero, ademais, neste 2023 abordaremos tamén a potenciación da oralidade como forma ancestral de transmisión de coñecementos, poñeremos en valor a arquitectura tradicional collendo o exemplo dos hórreos e transitaremos polo mundo das belas artes como método de transmisión pedagóxica sobre os problemas da saúde mental.

A natureza está arraigada na cultura do pobo galego. As novas economías verdes volverán poñer o acento no natural e no rural. Os recursos naturais, patrimoniais e culturais de Galicia son a súa grande oportunidade.

Queremos potenciar as características que contribúen á emancipación humana, como a creatividade, a cidadanía, a educación, a cultura, o lecer ou as relacións sociais.

A cultura debe deixar de ser a gran esquecida dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e da Axenda 2030 porque a cultura é felicidade pero tamén economía e identidade. Pretendemos fomentar a participación e o acceso á cultura de todo tipo de persoas e colectivos sociais, independentemente da súa idade, situación socioeconómica, saúde ou lugar no que residan.

Loitar contra os estereotipos en relación coa saúde mental axuda ao propósito de lograr unha inclusión social e cultural efectiva das persoas que padecen ese tipo de doenzas.

Trátase de contribuír á cohesión social, coidando o impacto sobre a natureza e a biodiversidade, definindo o papel de Galicia no mundo e axudando a manter a calidade de vida e a felicidade das xeneracións futuras.

MEMORIA DE PROXECTO

INICIATIVAS 2023



Clube de lectura. Podcast.

O espazo procura promover o hábito da lectura, ao mesmo tempo que da a coñecer obras e autores galegos. O obxectivo é continuar desenvolvendo un espazo semanal onde podamos coñecer distintos libros mediante unha conversa co/a autor/a do mesmo. O formato da conversa distendida entre persoas lectoras e a autora do volume tense demostrado como unha ferramenta acaída para divulgar a obra literaria e gañar novos públicos lectores.

Tres ou catro persoas que van variando ao longo do ano, len o libro e conversan de xeito demorado en torno ao mesmo coa persoa autora. Teatro, poesía, narrativa, historia e, incluso, ensaio abórdanse no programa. A través desta sección, queremos fomentar o interese por distintos formatos e xéneros literarios, potenciando e promocionando a traxectoria de autores/as autóctonos. Ao mesmo tempo, búscase dar un espazo á literatura escrita en galego para situala nun primeiro plano. Editoriais, escritoras e escritores e público en xeral teñen manifestado o seu agrado cun programa que ten como único centro ao libro galego. Combínase a emisión en radio tradicional a través das emisoras municipais coa divulgación en formato podcast, afianzando dese xeito a aposta por novos públicos. Aproveitase o auxe do podcast e a súa conexión cos públicos máis novos para difundir a literatura galega. Combínase radio tradicional, podcast e redes sociais para aplicar o marketing 360 a un concepto de divulgación cultural.

MEMORIA DE PROXECTO



A matriarca. Podcast e roteiros.

O podcast de A matriarca “O caso de Ramiro Gallego” é a quinta e última entrega da serie Sánchez Pereiro que estamos a producir e a emitir en Son Radiofusión durante os últimos anos, dende a publicación da primeira obra da pentaloXía, A antesala luminosa (Xerais, 2015). Unha pentaloXía conformada, ademais, por Un home estraño, VI Premio Internacional de Narración Curta Cidade Centenaria de Ribeira (Xerais, 2018), Os incurábeis (Xerais, 2020), Lobos doentes (Xerais, 2023) e A matriarca, aínda en proceso de elaboración e sen data de publicación comprometida, polo que, nesta ocasión e por primeira vez, Antonio Tizón, o autor, acometerá antes a escritura do podcast ca a da novela. Trátase, en definitiva, dun proxecto de cinco obras, escritas e publicadas como novelas e adaptadas despois á linguaxe radiofónica para ser emitidas como podcast, un caso inédito ata agora na historia da narrativa galega. Esta obra, A matriarca, como as catro anteriores, está ambientada, case en exclusiva, no marco xeográfico da Coruña, tanto no urbano como no rural. Reivindicamos o espazo da cidade herculina e o seu entorno, xa imbricado totalmente na cultura galega, e, nesta ocasión, reivindicamos, en especial, esa parte do territorio onde as terras se chaman do Mandeo e das Mariñas coruñesas, declaradas pola Unesco Reserva da Biosfera, porque unha das principais protagonistas desta historia, María Dominga, a matriarca, móvese por estes lugares de busca e de encontro cunha pretensión moi especial e non tratada ata agora en ningunha obra anterior da serie. Ademais de abordar en clave de xénero negro os temas esenciais de sempre (o amor, a morte, a maldade) e temáticas sociais, como poden ser a corrupción ou a impunidade, tan propias deste xénero, e outros asuntos da sociedade actual igual de áridos, como por exemplo, a explotación da muller, a violencia machista, a prostitución, a dexeneración medio-ambiental, a eutanasia, a euxeñese, a pederastia ou o problema da enfermidade mental, omnipresente en todas e cada unha das entregas desta serie, esta vez pretendemos algo máis.

MEMORIA DE PROXECTO

Pretendemos, coa incorporación da matriarca como protagonista principal, unha personaxe que conta e canta a súa vida e a do seu pobo a partir do tempo (1900-1993) e do espazo (terras do Mandeo e Mariñas coruñesas) que lle tocou vivir a partir de historias persoais, familiares e sociais, e a partir do canto de coplas propias e alleas, non só homenaxear a esta muller case centenaria, senón facer unha homenaxe a todo un país, diverso pero unitario, como aporte engadido á conciencia nacional de Galicia, concibida como un todo. E esta é unha das maiores peculiaridades deste proxecto. Un proxecto que nace tamén como contribución a ese traballo conxunto, aínda hoxe tan necesario, de tantas persoas e entidades, pola recuperación, renovación e difusión das miles de coplas, anónimas e de autor, que xa forman parte da esencia deste pobo, o pobo galego, que recompila nestas formas de expresión un dos seus principais patrimonios culturais, por moito que ás veces semelle atoparse en perigo de extinción.

Como ben di Antón Santamariña, no prólogo á esa magnífica COLECCIÓN de CANTARES GALLEGOS de Xosé Casal Lois, en edición de Domingo Blanco, para linguas como a nosa arecuperación e difusión dos antigos cancioneros teñen un valor engadido porque son a nosa tradición literaria. E unha literatura “cultura” necesita unha tradición. Non se pode fundar da nada ou de tradicións alleas. Por iso, os fundadores de varias literaturas nacionais europeas teñen como alicerce a literatura popular respectiva, e máis concretamente, as coleccións de textos (en xeral poemas) populares. Este proxecto concíbese, polo tanto, naqueles capítulos protagonizados por María Dominga, a matriarca, un terzo dos 82 dos que constará a obra, como unha contribución renovada ao espírito deses vellos cancioneros, que xa forman parte da nosa esencia cultural, pero que necesitan ser potenciados dunha maneira continuada a través de diversos medios, entre eles a literatura de tradición oral, a escrita e a música popular que, a estas alturas do século XXI, necesitan cumprir uns requisitos mínimos en canto a dignidade e calidade para conectar con públicos amplos e variados, se o que se quere é planificar con políticas culturais axeitadas a nosa supervivencia diferenciada no actual panorama conflictivo -que nos pode gustar máis ou menos pero que xa semella irreversíbel- da globalización. Por iso, este proxecto pretende hibridar o noso imaxinario colectivo a partir da música e da poesía, dúas das nosas manifestacións culturais máis atraentes e características e, por iso, nesta ocasión, o medio de comunicación máis eficaz é a radio. Este formato, o podcast ou radionovela seriada, é moito máis eficaz para este caso concreto que o formato de libro impreso ou novela.

MEMORIA DE PROXECTO

OBXECTIVOS

- Enmarcar este proxecto non na simple realización dun traballo solto e illado senón nun programa cultural de actividades continuadas que comparten temáticas e formas coherentes de abordalas. Neste caso, elaborando un podcast, que complementa outros anteriores, que se poden escoitar na radio e ler na novela dunha maneira independente porque teñen sentido propio pero que cobran maior transcendencia se se conciben como unha mostra dunha pentalexía, un proxecto moito máis amplo e ambicioso no ámbito literario, que xa desenvolvemos ao longo dos últimos anos e que agora pretendemos culminar con este traballo, tomando como punto de partida e de chegada unha concepción multimedia que constitúe un reflexo do carácter híbrido da cultura actual.
- Colocar a cidade da Coruña e o seu entorno, tanto o ámbito urbano como rural, como se pode apreciar en toda a serie pero, especialmente, neste proxecto, A matriarca, non só na historia da cultura galega senón tamén no mapa da novela negra. Un xénero, o negro e policial, que xa conseguiu o éxito e está agora en pleno apoxeo en espazos galegos semellantes ao noso, como Compostela ou Vigo, e en outras ambientacións xa nacionais e internacionais, como poden ser Madrid, Barcelona e outras cidades nórdicas ou francesas, que xa sistematizaron en denominacións académicas como o “polar francés”, o “modelo sueco”, o “thriller compostelán” ou a “novela negra viguesa”. Queremos contribuír á dignificación da narrativa do entretemento, aderezada coa radiografía histórica e social, a creba da rixidez entre alta e baixa cultura, a incorporación e fidelización de novos lectores e lectores novos, que agardan con avidez a aparición das novas entregas dos seus seriais preferidos, un fenómeno que se caracteriza tamén pola dinamización sociocultural do territorio. Interésanos destacar especialmente este aspecto porque está moi relacionado cun dos obxectivos básicos deste proxecto, a materialización do noso marco xeográfico, tanto o urbano como o rural, como escenario axeitado para desenvolver con éxito un determinado tipo de narrativa: a novela negra localizada na Coruña e feita en galego, coa que pretendemos contribuír a asentar e difundir a través deste formato inédito na novelística galega, o podcast ou serial radiofónico, mediante a súa emisión nas radios públicas locais e a través de Internet

MEMORIA DE PROXECTO

- Contar e cantar as experiencias dunha muller, a matriarca que dá título á obra, anónima e analfabeta porque o seu propio pai lle prohibiu ir á escola tan só pola súa condición de muller, unha muller que pasou toda a súa vida deambulando polas que agora se chaman terras do Mandeo e As Mariñas coruñesas. Unha muller que, en definitiva, polo seu exemplo e significación, merece saír do anonimato e acadar o recoñecemento histórico e social, por varias razóns, entre as que destaca a súa loita incesante pola liberación de toda escravitude humana; en especial, a que supuxo para ela, e tantas outras mulleres coma ela, a súa discriminación por razóns de sexo e de clase.
- Reivindicar a oralidade. Contribuír á recuperación e renovación do espírito deses vellos cancioneros que xa forman parte da nosa esencia cultural pero que necesitan ser potenciados dunha maneira continuada a través de diversos medios, entre eles, o dun formato tan eficaz nestes tempos como é o podcast.
 - Este proxecto ten connotacións engadidas relacionadas co apoio institucional no ámbito da saúde mental; en especial, coa normalización e integración na sociedade desta clase de persoas, tendo en conta, ademais, que o autor do guión de todos estes podcast e de todas as novelas da serie padece un Trastorno Bipolar, Tipo I, polo que, en consecuencia, as persoas ou entidades que colaboren nesta proposta estarán a contribuír tamén nese labor a prol da plena normalización, superación de estigmas e integración na sociedade dos enfermos mentais, un labor que, a pesar dos seus avances, resulta aínda hoxe necesario potenciar por parte de todo tipo de institucións; en especial, aquelas de carácter público que teñen asumidas esta clase de competencias.



radiofusión

MEMORIA DE PROXECTO



Arte e trastornos mentais.

O obxectivo é sensibilizar aos novos públicos acerca dos trastornos mentais a través da arte mediante un proxecto expositivo. A sociedade actual está inmersa nunha vida cada vez máis frenética e vertixinosa onde temos pouco tempo para coñecernos e pensarnos. Somos grandes consumidores de imaxes onde a maioría das veces pouco importa o contido, somos unha sociedade líquida como ben dicía Bauman onde a tensión e a ansiedade forman parte do noso vocabulario cotián desde idades ben temperás. Os trastornos mentais cada vez son máis frecuentes: bipolaridade, ansiedade, adiccións, depresión. Están aí, pero que sabemos en realidade? A arte ao longo da historia serviu como catalizador do seu momento e reflexo da sociedade, os artistas emprégano como instrumento para presentar as súas dúbidas, inquedanzas, mesmo como proceso sandador e exorcizador dos seus males. Non se pode dissociar da realidade, a arte contemporánea interpela ao espectador. A exposición que presentamos xira en torno a esta temática de Arte e Trastornos Mentais articulando unha linguaxe interdisciplinar mediante o que os novos artistas interpretan e dan resposta a estes conceptos tan presentes a día de hoxe.

En colaboración co Laboratorio de Creación Artística Laudas Calamity de Fene, o noso propósito é producir obra orixinal e innovadora onde desenvolver o pensamento crítico, investigar, pensar, debater... Abordamos distintas técnicas e disciplinas dando lugar a un proxecto expositivo interdisciplinar que conteña un percorrido e discurso coherente como entendemos que ten que ser unha exposición. Coidamos e consentimos de maneira rigorosa o proceso de creación ao que lle damos a importancia necesaria xa que a arte ten que expor preguntas e falar dos temas que nos suscitan interese. Utilizamos as redes sociais para difundir o noso traballo. Coñecendo os procesos de creación poñemos tamén en valor as obras e, deste xeito, o público comprende os significados e se sente involucrado

MEMORIA DE PROXECTO

ACTIVIDADES

- A exposición “Arte e trastornos mentais”

No noso afán por innovar estamos a desenvolver distintas obras que abordan esta temática como a depresión, adiccións, fobias, TOC, o acoso ou bullying (como conduta e consecuencia de trastornos), TCA. Nesta exposición ten cabida dende o vídeo arte, instalacións, escultura, debuxo e pintura. Tamén creamos híbridos entre distintas disciplinas como, por exemplo, o fotodebuxo (falando sobre á adicción á maquillaxe). Participarán arredor de 60 artistas coordinados polo laboratorio Laudas Calamity. Esta mostra presentárase na sala de exposicións temporal do Museo do Humor de Fene Xaquín Marín nos meses de xullo e agosto de 2023.

- Documentación. Catálogo exposición

Cando unha exposición finaliza o testemuño que perdura no tempo é o catálogo. Entendemos que é unha parte fundamental do proceso expositivo, onde quedan plasmadas as ideas e xustificacións. É a maneira que existe de documentar todo un longo proceso de creación que se culmina coa exposición. Deste xeito, publicarase un catálogo co correspondente ISBN que servirá como rexistro documental da exposición.

- Charlas informativas e coloquios no Museo do Humor de Fene.

Dous grandes bloques articulan esta temática. Por unha banda, a parte técnica onde realizaremos seis charlas:

1. Charla a adolescentes a partir de 12 anos coa psicóloga Vanesa Branco
2. Charla a familias coa neuropsicóloga Rocío Rodríguez Freiría
3. Charla a rapazada de seis a doce anos coa neuropsicóloga Rocío Rodríguez Freiría.
4. Charla sobre Arte e saúde mental con Alberte Ruiz de Samaniego, profesor da Universidade de Vigo.
5. Charla sobre Arte e saúde mental co escritor Antonio Tizón.
6. Charla sobre Arte e saúde mental con María Von Touceda, escritora e crítica de arte.

MEMORIA DE PROXECTO



O mundo dos hórreos. Fotografía e arte.

“O mundo dos hórreos. Fotografía e arte” é o título desta exposición que documenta, principalmente a través da fotografía, o conxunto de construcións deste xénero na parroquia de Magalofes. Queremos poñer en valor a arquitectura tradicional de Galicia pero dende a óptica da modernidade.

DESCRIPCIÓN

Magalofes, municipio de Fene na provincia da Coruña, conta na súa extensión cunha serie de construcións tradicionais galegas, os hórreos. Son edificacións destinadas a almacenar e conservar os víveres dunha casa. O hórreo defínese como a construción arquitectónica complementaria da casa labrega, de pedra ou de madeira, de forma redondeada, rectangular ou cadrada, illada da terra mediante pés ou paredes, ten numerosas aberturas laterais para que circule libremente o aire, xa que a súa utilidade é a conservación dos cereais e doutros produtos do campo, ademais de secalos, curalos e protexelos. Recibe nomes diferentes segundo as zonas e as súas feitura: cabaceira, cabaceiro, cabazo, canastro, canizo, celeiro, espigueiro, palleira ou piorno. Dende ou punto de vista arquitectónico, ou hórreo é, sen dúbida, a dependencia máis importante da casa labrega, a de maior interese

espazal e construtivo (as veces mostra unha maior perfección cá propia vivenda) e na que se manifesta o sentido plástico e a fantasía dos campesiños. Constitúe, en consecuencia, unha das achegas máis significativas á hora de conformar a paisaxe galega, así como un elemento peculiar da xeografía do territorio. A función fundamental do hórreo, empregado dende épocas prehistóricas como celeiro de distintos cereais (centeo, millo miúdo ou paínzo) é a de almacén e secado do millo, unha vez que este se incorporou á agricultura do país galego. O millo, orixinario de América, introduciuse en Galicia en 1604, a través do almirante Gonzalo de Castro e dá súa doa Magdalena de Luaces.

MEMORIA DE PROXECTO

Sementouse por primeira vez en Mondoñedo. O seu cultivo resultou tan positivo que en moitas zonas desprazou o centeo e ocupou o seu lugar de cereal básico da dieta alimentaria dos campesiños. Plantexou un problema de solución apreniante: o almacenamento e conservación da voluminosa colleita recollida. O hórreo galego ha de cumprir a función de almacenamento, curación e desecado do cereal. É estreito, alto, elevado sobre columnas e con numerosas aberturas laterais, coa finalidade de acadar un mellor illamento do chan e unha óptima ventilación, protexer o gran da humidade e favorecer o seu secado e a súa conservación. A primeira referencia escrita atopase na obra De re rústica de Marco Terencio Varrón do século Primeiro antes de Cristo. A imaxe gráfica máis antiga é do século XII. Aparece nas Cantigas de Santa María de Afonso Décimo o sabio. O hórreo en Galicia está fortemente vinculado á terra e á familia. O hórreo galego é un edificio alargado, de planta rectangular e cuberta case sempre a dúas augas. Componse, basicamente, dunha base, unha cámara, un medio de acceso e uns elementos ornamentais e simbólicos. A base ten como finalidade afastar a cámara do chan. A cámara, pola súa banda, debe pór o gran en contacto co aire evitando que se molle, polo que se verá percorrida verticalmente en todos os seus costados por estreitos vans que permiten a ventilación. O acceso faise a través dunha escaleira móbil ou fixa e os ornamentos representan o poderío da casa e invocan a protección da divindade.

OBXECTIVO

Unha vez descrita a aparencia e funcionalidade destas construcións, o obxectivo desta exposición é documental e divulgativo. A través do rexistro de trinta hórreos que se contan en Magalofes, perséguese poñer en valor este tipo de construcións, unha iniciativa que logo se pode transplantar a outras localidades de Galicia. Poñer de manifesto a variedade e singularidade destas construcións é unha maneira de expor a riqueza estética da arquitectura tradicional.

MEMORIA DE PROXECTO

ACTIVIDADES

-Exposición.

Son Radiofusión prepara, en colaboración coa Asociación Veciñal de Magalofes, unha exposición que se inaugurará no mes de xuño no local da entidade cidadá. Preténdese poñer en valor un elemento singular e valioso da arquitectura popular galega. O artista Xan Xe achegará unha serie de fotografías artísticas que dialogarán coas imaxes que xente anónima cederá á exposición. As fotografías antigas de hórreos ou de labores do mundo rural de Magalofes que se desexen achegar ao groso da exposición, serán dixitalizadas e engadidas ao Arquivo municipal de Fene. A exposición, con obra de carácter fotográfico artístico e documental, contará ao mesmo tempo con obra artística doutras disciplinas que interpretarán as mencionadas construcións. A través de diferentes artistas contemplarase unha visión actual do hórreo galego. Diferentes disciplinas como o debuxo, pintura e ilustración ofrecerán un diálogo co espectador, ao mesmo tempo que asistiremos a unha re-interpretación actual de parte da nosa historia. Contaremos coa asistencia de: Laura Bouza, Verónica Garcia, Víctor F., Alejandro Coedo e Fer Patiño. Estas novas narrativas requiren dunha montaxe que englobe de maneira coherente as dúas visións do proxecto, a meramente documental e a perspectiva dos artistas que integran a exposición. Para iso propónse a elaboración dunha estrutura flotante que propicie a súa portabilidade. A presentación da obra será nunha estrutura coa aparencia icónica dunha casa tradicional. No tellado, a dúas augas, instalarase unha grella metálica que albergará as obras fotográficas xunto coa súa correspondente cartela. Nas paredes do recinto expóranse as obras gráfico-plásticas de diferentes dimensións.

-Documentación.

Publicarase un catálogo co correspondente ISBN que servirá como rexistro documental da exposición. Barállase a posibilidade da elaboración de material audiovisual coa participación dos artistas integrantes.

MEMORIA DE PROXECTO



Rachar co silencio. A memoria da Resistencia

A GUERRILLA. DESCRICIÓN

O relato franquista bautizou á guerrilla con diferentes nomes para impoñer connotacións negativas e silenciar a súa memoria. Dende bandoleiros, foraxidos a ladróns, diferentes foron as acepcións co fin de perpetuar un pasado incómodo para o réxime. Pola contra, dende os anos 2000 e moi especialmente nos últimos tempos, o estudo da guerrilla comezou a dar pegadas de xigante no eido historiográfico.

Dos primeiros estudos máis vencellados coa historia política comezan a aparecer análises sociais que inciden na súa perspectiva máis humana. Nomes e voces que aínda son recordados na memoria dos principais focos guerrilleiros do país e que cada día acadan un maior interese no imaxinario popular a través de diferentes produto culturais divulgativos e accesibles a toda a sociedade.

Case noventa anos do golpe de Estado e aínda moitas testemuñas por descubrir. Na memoria da xente, en documentación que permanece agochada nas casas, e unha batalla contra o peor inimigo: o tempo. É momento de prestar atención a débedas que temos coas diferentes protagonistas da guerrilla: as mulleres, as redes de apoio e información, as rutas ao longo de toda a xeografía galega, e incluso, as pequenas economías de subsistencia a base de estraperlo e redes de intercambio. Tamén incidir no papel que xogaron os medios de comunicación en todas as súas vertentes: a instrumentalización deles por parte do réxime, as vías clandestinas etc.

MEMORIA DE PROXECTO

Investigaremos en particular a influencia da prensa na construción do relato franquista e as iniciativas da oposición da prensa clandestina e da creación dunha radio que emitía desde as Fragas do Eume, como experiencia simbólica de resistencia comunicativa.

A recuperación deste tipo de contidos complementará unha tarefa pendente no contexto guerrilleiro galego. Deste xeito, poderemos homologar esta resistencia a outras similares do contexto europeo como os partisanos ou a resistencia francesa. Porque o terror do réxime foi combatido dende a clandestinidade ata máis alá dos anos 50, e a sociedade demanda saldar a débeda que temos coa súa dignificación e divulgación.

ACTIVIDADES

- Investigación dos diferentes espazos da guerrilla

Para o labor de investigación, entrevistas individuais e encontros grupais contaremos con Mazarelos, os cales xa teñen unha bagaxe no eido da investigación e divulgación histórica e na celebración de encontros e posterior documentación deste tipo de formatos.

- Recuperación individual de memoria

Ao longo da investigación buscaremos testemuñas que podan falar da súa experiencia con este proceso. Conversas, historias familiares, documentación etc que identifiquen este proceso e vexan como é unha realidade aínda viva na memoria de moita xente.

- Encontros

Propoñemos desenvolver 4 encontros en localizacións moi vencelladas a focos de resistencia da guerrilla: Cabanas, Melide, Teo e Arzúa. Unha forma de transferir os coñecementos adquiridos á sociedade e á realidade máis próxima destes territorios, e ao mesmo tempo, permitir que sexan partícipes da recuperación da súa memoria e patrimonio tanto material como inmaterial. O pretexto a falar de algo que estivo prohibido e que quedou no esquecemento tanto tempo.

MEMORIA DE PROXECTO

Os encontros terán un formato particular segundo o espazo e a zona, mais tratarán de iniciar unha conversa directa coa veciñanza para que sexan partícipes dende o primeiro momento. Un intercambio no que ofrecer o que coñecemos e recibir testemuñas directas e indirectas.

- Audiovisuais

Para dar a coñecer todos os resultados obtidos, procederáse a desenvolver un traballo audiovisual das diferentes actividades desenvolvidas. Así, gravaranse as intervencións dende a academia na difusión de contidos divulgativos sobre a guerrilla; na recuperación de casos de memoria individuais e colectivos nos diferentes focos; no proceso de investigación de documentación en arquivos e coleccións privadas; e nos finais encontros de intercambio, diálogo e transferencia coa sociedade.

Deste xeito, poderemos subir aos repositorios dixitais, tamén ao proxecto Nomes e Voces da Universidade de Santiago de Compostela, para que sexan unha peza máis da que iniciativas podan tomar exemplo e complementen outras xa desenvolvidas. Ademais, daráselle presenza a través das redes sociais e de diferentes medios de comunicación xeralistas e especializados para chegar ao maior número de persoas posible.



radiofusión